

O castelo da Portela: unha fortificación mindoniense do século XII¹.

Carlos Andrés González Paz

Instituto de Estudios Gallegos 'Padre Sarmiento'

Resumen:

Este artículo se centra en el estudio del castillo de A Portela, una fortificación asentada en el territorio del obispado mindoniense y que tuvo un papel importante en la historia de esta sede eclesiástica cuando es trasladada desde la ciudad de Mondoñedo a la nueva villa de Ribadeo bajo el reinado de Fernando II de León.

Abstract:

This article studies A Portela castle, located on Mindoniense see. This fortification played an important role in the history of this see when it was moved from Mondoñedo city to the new villa of Ribadeo, under the reign of Fernando II of Leon.

¹ Este artigo realizouse dentro do Proxecto de Investigación «Inventario documental e gráfico das fortalezas medievais de Galicia. Provincia de Pontevedra», dirixido polo Dr. Eduardo Pardo de Guevara y Valdés, director do Instituto de Estudios Gallegos 'Padre Sarmiento'. Plan Nacional I+D. Clave: BHA2003-03651. Agradezo ó Dr. César Olivera Serrano, coordinador deste proxecto de investigación, a súa axuda á hora da realización do presente artigo.

No presente traballo pretendemos cumprilo obxectivo básico e primordial de recuperar do esquecemento histórico unha fortificación como o mindoniense castelo da Portela.

Para materializar este propósito servíremonos da aplicación a este caso concreto dunha nova metodoloxía centrada no estudio das fortificacións non só como entidades arquitectónicas individualizadas senón como un elemento pertencente a unha paisaxe antrópica que se caracteriza polas interaccións co medio e territorio do que forman parte.

Para iso, e para ofrecer unha localización desta fortificación, acudiremos non só ás fontes documentais, senón que utilizaremos a información que a arqueoloxía, a etnografía ou a toponimia nos ofrece.

O devir histórico do castelo da Portela.

As primeiras noticias documentais que dan constancia da existencia desta fortificación atrásanse ata o reinado de Fernando II de León (1137-1188). Así o 18 de marzo do ano 1170, atopándose este monarca na cidade de Tui, concedeulle ó prelado mindoniense Xoán I Pérez (1169-1173) o castelo da Portela².

Do documento que recolle a doazón, extráense novas moi interesantes sobre esta fortificación. En primeiro lugar sabemos que no ano 1170 o *castellum de Portela* atopábase seriamente danado xa que o monarca ordénalle ó prelado mindoniense a súa reconstrución, sen que poidamos saber se o seu deterioro se produciu polo simple abandono e paso do tempo ou se foi vítima dalgún ataque anterior.

En segundo lugar, este documento permítenos saber que, cando menos nese momento, esta fortificación era de xurisdicción real xa que é o monarca o que a entrega xunto cos seus límites antigos e novos, con todo o reguengo que existía dentro deses límites.

En terceiro lugar, podemos comprobar como a concesión da fortificación, aparentemente a perpetuidade, non é así, senón que, como veremos máis adiante, a concesión realízase a modo de tenza e, polo tanto, reversible a vontade dunha das partes, a vontade do monarca.

Por último, debemos indicar que no documento non se especifica ningún dato que, polo de agora, nos permita a súa localización.

Case unha década máis tarde, concretamente o 10 de setembro de 1178, o mesmo monarca ordena a devolución á sé e ó bispo mindoniense Rabinato (1174-1199) de tódolos bens que lle foran usurpados durante os episcopados de Pedro II Gudesteiz (1155-1168) e

² 1170, marzo, 18. Tui. «(Crismón). *In nomine Domini nostri Iesuchristi. Amen. Inter cetera que regiam magestatem decorare uidentur summa et precipua uirtus est sacra loca et religiosas personas diligere ac uenerari et eas largis ditare muneribus atque in prediis et possessionibus ampliare ut dando terrena adipisci mereatur eterna. Huius sequidem rationis intuitu ego dominis Fernandus Dei gratia Hispaniarum rex una cum uxore mea regina domna Vrraca do Deo et ecclesie minduniensi et uobis domno Iohanni eiusdem loci episcopo et omnibus successoribus uestris castellum de Portela totum integrum per terminos et diuisiones suas nouas et antiquas cum quanto ibi ad ius regale pertinet et pertinere debet. Et quia in presenciarum diruptum iacet auctoritate regie celsitudinis nostre idem castellum uobis de nouo construere mandamus. Ut ergo ab hac die et deinceps predictum castellum uos et omnes successores uestri possideatis iure hereditario in perpetuum uobis et ecclesie uestre concedimus et presentis scripti pagina comunimus pro remedio anime mee et parentum meorum...».* MONDONEDO, Arquivo Catedralicio. Arm. 8, doc. núm. 19. Edit. CAL PARDO, E. *Colección Diplomática Medieval del Archivo de la Catedral de Mondoñedo. Transcripción íntegra de los documentos.* Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 1999, doc. 19, pp. 36-37. Tamén: RECUERO ASTRAY, M., ROMERO PORTILLA, P., RODRIGUEZ PRIETO, M.A., *Documentos medievales del Reino de Galicia: Fernando II (1155-1188)*. A Coruña: Xunta de Galicia, 2000, doc. 108, pp. 132-133.

Xoán I Pérez; ademais de confirmarlle tódalas súas propiedades e dereitos a excepción do castelo da Portela que ordena que sexa derruído³.

Todo parece indicar que o bispo Rabinato, ben relacionado coa monarquía e coa sé compostelá⁴, acude perante o monarca reclamando a devolución de tódolos bens que nas dúas últimas décadas distintos magnates do reino («*comitibus regni et baronibus et ceteris rectoribus prouinciarum*») lle tiñan usurpado á sé mindoniense non só dentro do territorio diocesano senón tamén nas dióceses de Santiago, Lugo, Ourense e Oviedo. O monarca, despois de demanda-lo consello de distintos bispos e abades convocados en Salamanca, ordena a devolución de todos eses bens, situando a sé mindoniense baixo a súa protección.

No mesmo documento aproba o pacto ó que tiñan chegado o bispo Pedro II Gudesteiz e a condesa Sancha Fernández de Traba, filla do conde Fernando Pérez de Traba e viúva do conde Álvaro Rodríguez de Sarria, fillo á súa vez do poderoso conde Rodrigo Velaz. Aínda que no documento non se especifica o contido do pacto, supoñemos que se deriva da serie de acordos de cesión e cambio de bens que dende o ano 1164, co beneplácido do propio monarca, levaron a cabo o citado matrimonio condal co tamén xa citado bispo⁵.

Por último, certamente a información máis interesante atópase na terceira parte do documento, parte na que o monarca lle confirma ó prelado mindoniense tódalas fortificacións («*munitiones uestras et opida*») que el e/ou os seus antecesores no trono lle tiñan concedido, a excepción do castelo da Portela o cal é ordenado destruír. A causa desta orde non é outra que os danos que, dende esta fortificación, se realizaban á terra e ós seus habitantes⁶. Así mesmo ordena que non sexa reconstruído nin polo bispo nin por ningún representante ou delegado rexio sen que antes se expedise a correspondente autorización real.

A seguinte nova documental da que dispoñemos sobre esta fortificación lévanos ó 25 de abril de 1202. Nesta data o rei Afonso IX de León (1188-1230) concédelle á sé mindoniense e ó seu bispo Pelaijo II de Cebeira (1199-1218) o castelo da Portela e o seu couto de Vilarente, recibindo, a modo de compensación, unha serie de bens territoriais nas proximidades do nacente núcleo de Ribadeo⁷.

³ 1178, setembro, 10. Salamanca. «...*De cetero munitiones uestras et opida a temporibus predecessorum nostrorum et nostri ipsius uobis data et concessa in ea libertate qua data sunt. Et uos ea possidetis hodie uobis et successoribus uestris habenda perpetuo concedimus excepto castello uestro de Portela quod grauamen multiplex patrie et agricolis uobis ipsis scandalum potius quam quietem uidebatur adducere uobis et ecclesie uestre prouidentes illud funditus destruit precepimus numquam amplius restituendum neque per principem nostrum neque per alium nisi tale quid emergerit quod uos de consensu nostro reedificetis illud et non alius...*». MONDONEDO, Arquivo Catedralicio. Arm. 8, doc. núm. 20. Edit. CAL PARDO, E. *Colección...*, doc. 20, pp. 37-39. Tamén: RECUERO ASTRAY, M., ROMERO PORTILLA, P., RODRIGUEZ PRIETO, M.A., *Documentos...*, doc. 166, pp. 207-209 e FLOREZ, E. *España Sagrada*, t. XVIII. Madrid: Oficina de Antonio Marín, 1764, ap. doc., doc. XXIX, pp. 367-370.

⁴ CAL PARDO, E. *Episcopologio Mindoniense*. Anexo XXVIII de *Cuadernos de Estudios Gallegos*. Santiago de Compostela: Instituto de Estudios Gallegos 'Padre Sarmiento', 2003, p. 107.

⁵ CAL PARDO, E. *Episcopologio...*, pp. 104-105.

⁶ «...*quod grauamen multiplex patrie et agricolis uobis ipsis scandalum potius quam quietem uidebatur adducere uobis et ecclesie uestre prouidentes illud funditus destrui precepimus...*». MONDONEDO, Arquivo Catedralicio. Arm. 8, doc. núm. 20. Edit. CAL PARDO, E. *Colección...*, doc. 20, p. 38.

⁷ 1202, abril, 25. Toro. «(Crisión). *In nomine Domini nostri Jesu Christi. Amen. Regis catholici interest sancta loca et cathedrales sui regni ecclesias diligere venerari et eas in iure su conseruare et manutere ac beneficiis ampliari vt temporalia largiens eterna consequi mereatur. Iccirco ego Adefonsus Dei gratia rex legionensis et Gallecie una cum uxore mea regina domna Berenguela et filio meo domno Fernando per hanc cartam semper ualituram notum facio uniuersis tam presentibus quam futuris quod do et hereditario iure concedo et Deo sedi minduniense et uobis domno Pelagio eiusdem sedis venerabili episcopo ac uestris successoribus illud meum castellum de Portela cum toto suo cauto de Villarenti integre et cum toto suo iure in quo stabat illo tempore quando Rabinatus antecessor uester dedit comiti domno Gomicio in concubium pro castello de Felgoso cum consensu et mandato patris mei illustrissimi regis domni Fernandi...*». MONDONEDO, Arquivo Catedralicio. Arm. 8, doc. núm. 25. Edit. CAL PARDO, E. *Colección...*, doc. 25, pp. 45-47. Tamén: GONZÁLEZ, J. *Alfonso IX*, vol. II. Madrid: Instituto Jerónimo Zurita, 1944, col. doc, doc. 168.

A primeira das informacións que nos ofrece este documento é o feito de que o castelo da Portela segue en pe. Isto pode deberse ben a que a orde emitida polo rei Fernando II de destruír esta fortificación non foi cumprida, ou ben, que destruído, se reconstruíse co permiso rexio. Esta dúbida non pode ser, polo de agora, resolta.

En segundo lugar, dáse noticia de que o bispo de Mondoñedo Rabinato, antecesor no cargo de Pelaiu II de Cebeira, cambiou durante o seu pontificado e coa autorización do rei Fernando II, o castelo da Portela polo castelo de Felgoso⁸, en mans do conde Gómez González, fillo do conde Gonzalo Fernández de Traba e de Berenguela Rodríguez e, polo tanto, curmán do citado monarca⁹.

Con este documento o que de feito leva a cabo Afonso IX é a declaración tácita da invalidez da citada permuta, xa que lle entrega ó bispo Pelaiu II de Cebeira o castelo da Portela¹⁰ tal e como se atopaba antes do cambio mencionado de fortificacións¹¹. Isto implicaba, necesariamente, que o castelo da Portela seguía a ser un ben de reguengo.

En terceiro lugar, e como síntoma da súa importancia e valor, o rei recibe da sé episcopal mindoniense toda unha importante serie de herdades, vilas e coutos¹² que o monarca, á súa vez, doa á vila e habitantes de Ribadeo¹³.

Por último, este documento ofrécenos certa información sobre a súa localización aínda que este punto será tratado máis adiante.

⁸ Aínda que do castelo da Portela non volveremos a ter novas documentais, o castelo de Felgoso continuou en mans dos prelados mindonienses como así o amosa un traslado notarial do ano 1384 no que se recolle unha carta do rei Henrique II (1369-1379) pola cal lle ordena ó bispo mindoniense Francisco I (1367-1393) lle entregue o seu castelo de Folgoso a Pedro Ruiz Sarmiento, Adiantado Maior de Galicia, cando este lle presentara por el preito e homenaxe: «...Fasemosbos a saber que por quanto entendemos que cunple a nuestro seruiço et aplo (¿) et guarda dessa tierra que teuemos por ben de mandar entergar el castiello de Folgoso a Pedro Ruys Sarmento adelantado mayor de Galisia para que lo tenga de aqui adelante. Porque uos rogamos et uos mandamos que luego dedes et entreguedes el dicho castiello al dicho Pedro Ruis o al que viere (¿) dixer que sabede que esto es cosa que cunple a nuestro seruiço assy ca nos mandamos al dicho Pedro Ruis que bos faga pleito et omenaje por el et en esto non pongades otra escusa ninguna nin façades ende al por ninhuna manera que sabet que tanto que el aja puesto justicia et svsego ende la tierra nos bos mandaremos entregar vuestro castiello...». MONDONEDO, Arquivo Catedralicio. Arm. 8, doc. núm. 114. Edit. CAL PARDO, E. Colección..., doc. 114, pp. 187-188.

⁹ PARDO DE GUEVARA y VALDÉS. E. *Los Señores de Galicia*, vol. II. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2000, tabla 1.

¹⁰ «...meum castellum de Portela cum toto suo cauto de Villarenti integre et cum toto illo iure...». MONDONEDO, Arquivo Catedralicio. Arm. 8, doc. núm. 25. Edit. CAL PARDO, E. Colección..., doc. 25, p. 45.

¹¹ «...in quo stabat illo tempore quando Rabinatus antecessor uester dedit comiti domno Gomicio in concambium pro castello de Felgoso cum consensu et mandato patris mei illustrissimi regis domni Fernandi...». MONDONEDO, Arquivo Catedralicio. Arm. 8, doc. núm. 25. Edit. CAL PARDO, E. Colección..., doc. 25, p. 45.

¹² «...de uobis et de uestra ecclesia in concambium recipio cautum sancti Vicentii [San Vicente – Ribadeo], villam de Couelas [San Vicente de Couelas – Ribadeo] cum uoce regia, villam de Asanza [As Anzas - Ribadeo] cum hereditate et cum familia, villam de Uilela [Vilela – Ribadeo] cum hereditate et cum familia, medietatem hereditatis de Citofacta [Cedofeita – Ribadeo], hereditatem de Varcena hereditatem que dicitur casale de Maon, hereditatem que dicitur Fuleiros, hereditatem que dicitur Pagadi cum toto alio que habetis in cauto sancti Vicentii. Recipio etiam a uobis in concambium predicti castelli cautum de sancta Eolalia de Diuisa [Santa Baia da Devesa – Ribadeo] cum uilla que dicitur Uilla Fraamir [Vilaframil – Ribadeo] et cum hereditate sancte Marie de Monte, villam que dicitur Uillaurt cum hereditate et familia Braladuiro cum hereditate et familia Villam Aldrit [Vilandriz – Ribadeo] cum hereditate et familia de villam de Cindi [Santalla de Vilausende] cum hereditate et familia hereditatem de Sixto, villam que dicitur Meiringos [Meirengos]. Recipio inquam ipsum cautum de sancta Eolalia cum quanto ibi pertinet ad ecclesiam uestram. Recipio etiam in concambium eiusdem castelli hereditatem ecclesie de Pinnera [San Xoán de Piñeira] cum tota alia hereditate quam ibi habeatis et cum hereditate ecclesie de Villasallam [Santa María de Vilaselán – Ribadeo]...». MONDONEDO, Arquivo Catedralicio. Arm. 8, doc. núm. 25. Edit. CAL PARDO, E. Colección..., doc. 25, pp. 45-46.

¹³ «...Hec omnia super posita de uobis mindoniensi episcopo et de sede uestra recipio in concambium sepe dicti castelli de Portela et do illa ciuibus et populationi de Ripaeuue...». MONDONEDO, Arquivo Catedralicio. Arm. 8, doc. núm. 25. Edit. CAL PARDO, E. Colección..., doc. 25, p. 46.

Dende este momento desaparecen da documentación mindoniense as novas documentais relativas a esta fortificación.

A importancia do castelo da Portela na historia da sé mindoniense.

O castelo da Portela recupera protagonismo, cando case tiña desaparecido, nun momento moi concreto, a preparación e o traslado da sé diocesana mindoniense dende a cidade episcopal de Vilamaior de Mondoñedo á vila de Ribadeo, unha vila de fundación recente e real.

Para comprender mellor o proceso mencionado debemos retrotraernos case cincuenta anos atrás dende a primeira noticia documental conservada sobre o castelo da Portela. A finais da década dos vinte do século XII existía unha confrontación entre a monarquía, o bispado mindoniense e o mosteiro de San Salvador de Vilanova de Lourenzá por cuestións territoriais e xurisdiccionais. Para poñerlle fin o rei Afonso VII propicia a realización dunha concordia entre o conde Rodrigo Velaz, delegado rexio e patrón principal do citado mosteiro e o bispo Munio Afonso (1112-1136), concordia pola cal se repartían as xurisdiccións do bispado mindoniense entre as pertencentes ó monarca, que quedarían en mans do seu representante, e as pertencentes ós prelados mindonienses.

Neste reparto, quedaban en mans reais as freguesías de Santa Baia da Devesa, San Xoán de Piñeira, Santa María de Vilaselán, San Xoán de Ove, Santa Baia de Vilaousende, San Xoán de Cousela, Santa Baia de Sante, Santa María de Trabada, as ermidas de San Xuliano de Reboredo e Santo Tomé de Asanza e o Porto. Namentres, os prelados, pasaban a se-los titulares das freguesías de Santiago de Reinante, San Miguel e San Pedro de Vilachá, San Cosme, San Vicente de Covelas, Santa María de Cedofeita, San Xiao e San Xusto de Cabarcos, Santa Cristina de Celeiro e as ermidas de Santo Estevo de *Pagadi* e Santo Estevo de *Augasantas*¹⁴.

Despois da morte do rei Afonso VII, este reparto debeu sufrir modificacións pois na década dos sesenta dese século XII parte das freguesías que tiñan quedado baixo o control real, atopámolos en mans episcopais.

Dende este momento, a documentación conservada parece indicalo así, Fernando II inicia unha política tendente a situar baixo o seu control o territorio que pasaría a forma-la futura vila de Ribadeo e o seu alfoz. Así, o 23 de agosto do ano 1164 o citado monarca consinte o cambio realizado entre o conde Álvaro Rodríguez de Sarria e o bispo Pedro II Gudesteiz a unha co cabido mindoniense. O primeiro recibe as freguesías de Santiago de Vigo, Santa María de Vilaselán e San Xoán de Piñeira, namentres que os segundos reciben as igrexas de San Pedro de Mor e a metade das de San Xurxo de Lourenzá e San Martiño de Ferreiros¹⁵.

Máis tarde, o 18 de marzo de 1170, aparece, como xa vimos, de man do monarca o castelo da Portela que se lle entrega ó prelado mindoniense en tenza coa orde de reconstruílo. Pero non só iso, senón que o 3 de novembro do ano 1172 o monarca entrégalle ó bispo mindoniense, entre outros bens, as igrexas de San Vicente de Covelas e a de Cedofeita que, na división do ano 1128, quedaran en poder dos prelados mindonienses¹⁶.

¹⁴ FLÓREZ, E. *España...*, ap. doc., doc. XXI, pp. 345-349.

¹⁵ MONDOÑEDO, Arquivo Catedralicio, Arm. 8, doc. núm. 17. Reg. CAL PARDO, E *Catálogo de los documentos medievales escritos en pergamino, del Archivo de la Catedral de Mondoñedo (871-1492)*. Lugo: Diputación Provincial, 1990, doc. 17, p. 20.

¹⁶ CAL PARDO, E. *Episcopologio...*, p. 107.

Nesta década dos anos setenta do século XII deberon ter lugar unha serie de enfrontamentos entre os prelados mindonienses e certos representantes da nobreza leiga (entre os que aparece a condesa Sancha Fernández de Traba), enfrontamentos que deberon provocar unha importante situación de inseguridade da que, en parte, o rei Fernando II acusa ó castelo de Portela e ós seus tenentes, motivo polo cal, como xa vimos, ordena a súa destrución no ano 1178.

O derradeiro acto deste proceso tivo lugar entre os anos 1182 e 1183, pois neste período produciuse o traslado da sé episcopal dende a cidade Vilamaior de Mondoñedo a unha nova vila, Ribadeo, creada pola asociación dos territorios que o monarca tiña colocado baixo o seu control ou ben estaban en mans de prelados ou membros da nobreza local partidarios do rei.

No ano 1182 Fernando II merca do conde Rodrigo¹⁷ a poboación de Ribadeo por mil cincocentos marabedís de ouro así como as freguesías de Santiago de Vigo, Santa María de Vilaselán e San Xoán de Piñeira que o bispo Pedro II Gudesteiz lle entregara ó seu pai, o conde Álvaro Rodríguez de Sarria, case vinte anos atrás.

Como complemento entrégalle á nova vila un privilexio de poboación e o 8 de xullo do 1183 confirma que as xa mencionadas freguesías de Santiago de Vigo, Santa María de Vilaselán e San Xoán de Piñeira son de xurisdicción episcopal. Con este acto situaba a nova poboación baixo o control aparente dos prelados mindonienses, xa asentados nela, pero, en realidade, era o monarca quen, a través da fidelidade dos prelados, controlaba a nova sé episcopal¹⁸.

Xa falecido o rei Fernando II, o seu fillo Afonso IX mantén a política iniciada polo seu pai aínda que reforza a posición do monarca no control da vila ribadense. Neste senso deben entenderse dúas medidas iniciais do seu reinado respecto da sé mindoniense. En primeiro lugar, o 15 de setembro do ano 1199 dóalle ós prelados a cuarta parte da vila de Ribadeo, así como o seu padroádego e distintos tipos de impostos pero recibe, a cambio, unha importante parte dos arrabaldes da vila.

En segundo lugar, no ano 1202 e a cambio do castelo da Portela que, como vimos é entregado polo monarca á sé episcopal, o rei recibe unha importantísima serie de propiedades no alfoz da vila de Ribadeo¹⁹.

Poucos anos despois, ó redor do ano 1219, a sé episcopal regresou á cidade mindoniense e as referencias documentais sobre o castelo da Portela, como xa sinalamos no apartado anterior, desaparecen. Con todo, asentáranse as bases para o desenvolvemento dunha importante entidade de poboación medieval, a vila de Ribadeo, paso obrigado entre Asturias e Galicia e importantísimo porto comercial tal e como demostrou o profesor Fernando López Alsina²⁰.

¹⁷ Probablemente se trata do conde Rodrigo Álvarez, fillo do conde Álvaro Rodríguez de Sarria e de Sancha Fernández de Traba. PARDO DE GUEVARA y VALDÉS. E. *Los Señores...*, vol. I, pp. 67-75.

¹⁸ Sobre as vinculacións existentes entre os prelados Pedro II Gudesteiz e Rabinato e o rei Fernando II, pode verse: CAL PARDO, E. *Episcopologio...*, p. 103, nota 53 e p. 107, notas 76 e 77.

¹⁹ CAL PARDO, E. *Episcopologio...*, pp. 112-113.

²⁰ LÓPEZ ALSINA, F. *Introducción al fenómeno urbano medieval gallego, a través de tres ejemplos: Mondoñedo, Vivero y Ribadeo*. Santiago de Compostela: Universidad, 1976.

A localización do castelo da Portela.

A documentación mindoniense consultada tan só nos ofrece un dato que nos permita tentar propoñer unha posible localización para esta fortificación. No cambio levado a cabo entre o prelado mindoniense Pelaió II de Cebeira e o rei Alfonso IX dísenos que o primeiro recibe do segundo o «...*meum castellum de Portela cum toto suo cauto de Villarenti integre et cum toto suo iure...*», é dicir, entrégalle o castelo da Portela co seu couto de Vilarente. A cuestión, entón, é a de tentar identifica-la localización deste couto.

A vinculación documental existente entre o castelo da Portela e o territorio ribadense fixo pensar ó P. Flórez, nunha localización próxima a esta vila. Como recolle Enrique Cal Pardo no seu *Episcopologio Mindoniense*²¹, Enrique Flórez postula como posible, unha localización entre a antiga sé episcopal de San Martiño de Mondoñedo e o porto de Foz, concretamente no lugar da Portela que, á altura do ano 1400, era propiedade do cabido mindoniense²². Tal localización é debedora non só do topónimo Portela senón tamén de asociar o topónimo Vilarente da documentación coa poboación focense de San Xoán de Vilaronte.

Aínda que esta poboación existía xa no momento da concesión dos xa tantas veces citados documentos relativos ó castelo da Portela, o certo é que en ningún deles aparece referenciado como couto²³. A isto súmase o feito de que no seu momento, no século XVIII, o P. Flórez, segundo Manuel Vázquez Seijas, xa tiña indicado que no lugar da Portela non se conservaba testemuño ningún da existencia desta fortificación²⁴.

Outra opción que se podería barallar sería o seu emprazamento no lugar de O Torrión, pertencente á freguesía de San Xoán de Vilaronte. Neste lugar existiu unha fortificación da que temos noticia dende o século XV, nun momento moi tardío se temos en conta que dende os primeiros anos do século XIII desaparecen as novas documentais referidas ó castelo da Portela. Ademais, nas súas inmediacións non se conserva o topónimo de Portela.

Tamén menciona Manuel Vázquez Seijas a posibilidade de que se atopara no lugar de A Portela, na freguesía de San Xoán de A Laxe, no concello de O Valadouro, moi preto da freguesía de San Xoán de Vilaronte. Con todo, el mesmo desbota esta posibilidade pois alí non observa dato ningún que lle faga pensar na pretérita existencia dunha fortificación²⁵.

A cuarta opción, xa esbozada por José Villaamil y Castro no século XIX, segundo Manuel Vázquez Seijas²⁶, é o seu asentamento nas terras do actual concello de Abadín aínda que sen aclarar máis, concluíndo o investigador lucense que non foi capaz de atopar a súa localización nin restos da mesma.

Nos consideramos que esta última opción é a máis válida e que o castelo da Portela, moi posiblemente, se atopaba no territorio do actual municipio de Abadín, entre as freguesías de San Xoán de Castromaior e Santa María Madalena de Fanoi. As razóns principais desta aseveración son as que se expoñen a continuación.

²¹ CAL PARDO, E. *Episcopologio...*, p. 113, nota 108.

²² 1400, abril, 6. Marzán. Ruy Fernández, procurador do Cabido mindoniense e o tesoureiro catedralicio, Diego Pérez, toman posesión de varias propiedades, herdades e dereitos entre os que se atopa a cortiña da Portela. MONDOÑEDO, Arquivo Catedralicio, Arm. 3, nº 10 (Tumbo Pechado), fols. 60v-61r. Reg. CAL PARDO, E. *Catálogo...*, doc. 1214, p. 458.

²³ 1167, febreiro, 20. Pedro Martínez e a súa esposa dónanlle ó mosteiro de San Salvador de Lourenzá o lugar de «Lagená». Entre as testemuñas aparece «*Petrus, clericus Sancti Iohannis de Vilarunti, cf.*». RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, A. Y REY CAIÑA, J. A. «*Tumbo de Lorenzana*» en *Estudios Mindonienses*, nº 8 (1992), doc. 30, p. 69.

²⁴ VÁZQUEZ SEIJAS, M. *Fortalezas de Lugo y su provincia*, t. III. Lugo: Junta del Museo Provincial, 1962, p. 89.

²⁵ VÁZQUEZ SEIJAS, M. *Fortalezas...*, t. III, p. 89.

²⁶ VÁZQUEZ SEIJAS, M. *Fortalezas...*, t. III, p. 89.

En canto á toponimia, neste lugar aínda hoxe se atopa o lugar do Castelo, nun espolón próximo a un asentamento castrexo premedieval coñecido como o Castro da Portela. Ademais, nas súas inmediacións, atopábase o territorio de Vilarente o cal, no século XII, tiña a categoría xurídica de couto concedido, como veremos, pola raíña Urraca.

Polo que se refire á súa localización e a relación entre esta e a súa denominación podemos dicir que, como ten sinalado Elisa Ferreira Priegue, co termo «portela» soen denominarse certos lugares situados en vías de comunicación, onde se cobraba o portádego ou dereito de paso na Idade Media²⁷.

Esta mesma autora sinala a existencia de dúas variantes dunha vía que unía Meira coa costa cantábrica. Sobre a primeira das variantes parece non estar moi segura e considera que unha vez chegada á antiga sé episcopal de Bretoña (A Pastoriza), ía seguramente cara a Francos onde se unía a outro camiño que viña polo porto de Reigosa, preto co castelo da Portela.

Sobre a segunda, cunha base documental máis importante, dinos que saía de Meira por Baltar e ía por Formorán, o porto de Reigosa²⁸, Vián, Úbeda, Rúa, o Monte da Retorta e pasaba baixo o castelo da Portela²⁹. Dende alí continuaba cara a Viveiro a través do Val do Ouro.

A documentación tamén nos confirma este emprazamento. Como xa dixemos, no cambio do ano 1202, o monarca entrégalle ó prelado mindoniense o castelo da Portela co seu couto de Vilarente. Unha parte substancial deste couto atopábase no territorio do actual concello de Abadín, a poucos quilómetros de distancia do punto no que nos localizamos esta fortificación, como se testemuña aínda hoxe na toponimia das freguesías de San Xoán de Seivane de Vilarente ou Santa María Madalena da Graña de Vilarente.

A primeira mención documental conservada sobre este territorio remóntase á segunda década do século XII. Así o 10 de abril de 1117, a raíña Urraca concédelle á Igrexa mindoniense e ó seu bispo Munio Afonso, o couto de Vilarente, en terra de Montenegro³⁰.

Poucos anos máis tarde, o 8 de maio de 1139, Vermudo Fernández dóalle ó mosteiro de San Salvador de Lourenzá a súa herdade de [San Martiño de] Corvelle, situada en Vilarente³¹. No ano 1187, o rei Fernando II dóalle ó mosteiro de Santa María de Meira o couto de Vilarente, que é delimitado, a cambio do lugar de Coca³². Por último, o 12 de

²⁷ FERREIRA PRIEGUE, E. *Los caminos medievales de Galicia*. (Boletín Auriense, Anexo 9). Ourense: Museo Arqueolóxico Provincial, 1988, p. 30.

²⁸ Segundo a autora, esta vía, ata o «portus de Radicosa», era a vía rexia que marcaba os límites da Pastoriza nun documento datado no ano 1251 (Arquivo Histórico Nacional. Clero. Meira. Tumbo, fol. 416v). FERREIRA PRIEGUE, E. *Los caminos medievales...*, p. 250.

²⁹ Arquivo Histórico Nacional. Clero. Meira. Tumbo, fol. 427v. FERREIRA PRIEGUE, E. *Los caminos medievales...*, p. 250.

³⁰ MONTARDE ALBIAC, C. *Diplomario de la reina Urraca de Castilla y León (1109-1126)*. Zaragoza, 1996, doc. 108, pp. 170-171. RUIZ ALBI, I. *La reina doña Urraca (1109-1126): cancellería y colección diplomática*. León, 2003, doc. 87, p. 490.

³¹ 1139, maio, 8. «... ego Ueremudo Fernandi, ad monasterium Uillenoue quo territorio Laurenciana, subtus alpe Patornelo, in quorum manibus monachorum fideliter facio testamentum de mea hereditate Coruelli, medietas quam possedit pater meus sicut ea ipse possedit per omnibus modis iustis vnde etiam fecit carta de arras ad mater mea, Gunterode Diez; ea que iacet iuxta Uillarenti, discurrente ad ecclesiam sancti Martini, subtus Monte Auto et est pernominata...». RODRIGUEZ GONZÁLEZ, A. Y REY CAIÑA, J. A. «Tumbo de Lorenzana», doc. 141, p. 179.

³² 1187. «...quod do et in concambium pro Coca concedo totum Villarentem cum toto ipso monte de Meda, per furcam sancti Martini, sicut diuiditur per Monimenta et per Martoy et per Arenam Aluam et per riuum de Goaa, et per terminum de Moar, et inde per pontem de Leyros et per ipsum riuum de Cuydi, sicut diuiditur per tendam regis et per petram fitam et uenit ad portum de Bouada, et inde sicut diuiditur per Reygosum et per terminum de Stoa et reddit ad predictam furcam sancti Martini, cum ecclesiis et suis directuris omnibus quecumque istos terminos nominatos ad regiam pertinent uocem per suas metas nouas et ueteres et diuisiones antiquas...». DOMÍNGUEZ CASAL, M. *El monasterio de Santa María de Meira y su colección diplomática*. (Tesis doctoral inédita), doc. 133, p. 95.

xaneiro de 1193 o rei Afonso IX dóalle e confírmalle ó mosteiro de Santa María de Meira todo o reguengo de Vilarente³³. Gracias a estes testemuños documentais podemos comprobar cómo o castelo da Portela se atopaba nas inmediacións deste couto.

Por último, gracias á información que nos achega a arqueoloxía, sabemos que no lugar coñecido como O Castelo, próximo ó Castro da Portela, quedan restos dunha antiga fortificación. Trátase dunha *fortificación en altura* que se atopaba nun crestón rochoso sobre o val que forma o Rego da Arnela, a uns 761 metros sobre o nivel do mar, na divisoria das freguesías de San Xoán de Castromaior e Santa María Madalena de Fanoi. Posuía un recinto oblongo cun eixo maior L-O de 40 metros e un eixo menor N-S de 20 metros. Contaba cunha torre central, realizada sobre a rocha e que posuía unha planta cuadrangular como se pode apreciar nos rebaixes que presenta a rocha base, preparada para a cimentación dos muros. Así mesmo, atópanse restos de tella moi rodada e fragmentada así como restos de cerámica³⁴.

A conxunción de informacións permítenos presenta-la hipótese de que era neste lugar onde se atopaba o castelo da Portela mencionado na documentación mindoniense.



Mapa xeral de ubicación do Castelo da Portela³⁵



Mapa da localización concreta dos restos do Castelo da Portela³⁶

³³ «...concedo et confirmo iure perpetuo Deo et monasterio de Meira et uobis domno Herberto, eiusdem monasterii abati, et uestro conuentui et successoribus in perpetuum, illum regalengum de Villarente cum suis pertinenciis et directuris et omnibus rebus illis que ad regem noscutur pertinere...». DOMÍNGUEZ CASAL, M. *El monasterio de Santa María de Meira...*, doc. 180, p. 124.

³⁴ Xacemento catalogado coa clave 27001005, baixo a denominación de «Castelo da Portela». *Inventario Arqueolóxico de Galicia* do Servizo de Arqueoloxía. Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. Consellería da Cultura, Comunicación Social e Turismo. Xunta de Galicia.

³⁵ Mapa de situación realizado sobre mapa do Concello de Abadín publicado pola *Gran Enciclopedia Gallega*, t. 1. Santiago-Gijón: Silverio Cañada (ed.), 1974, p. 39.

³⁶ Mapa Topográfico Nacional de España. Folla 23-IV (Lanzós). Escala 1:25.000. Madrid: Instituto Geográfico Nacional, 1997. Coordenadas xeográficas: 43° 22' 90" de latitude norte e 07° 31' 18" de lonxitude oeste.

O castelo da Portela e outras fortificacións próximas.

Como sinalamos na introducción do presente artigo, é imposible realizar un estudio completo dunha fortificación sen observa-las súas posibles vinculacións con outras fortificacións próximas, tentando descubrir se formaban parte dun sistema defensivo-territorial ou se, pola contra, se trataba dunha fortificación creada sen un patrón espacial preconcebido, sendo a súa instalación practicamente froito do azar.

Tomando o castelo da Portela como centro dunha área de estudio de tan só dez quilómetros de radio, podemos comproba-la súa vinculación cun sistema defensivo alto e plenomedieval que protexía a costa cantábrica lucense e, seguindo o curso das principais correntes fluviais e das principais vías de comunicación terrestres, continuaba cara o interior da provincia lucense³⁷.

Este sistema defensivo estaba formado polo que nós denominamos xenericamente como *fortificacións en altura*. As súas características principais eran que se atopaban sobre espolóns ou crestóns rochosos de grande altitude, escavando os apoios das cimentacións das estruturas directamente sobre o afloramento rochoso; cunha elevada altura relativa respecto do terreo circundante; cunhas excelentes defensas naturais que podía ser artificialmente potenciadas nas súas zonas máis accesibles e cunhas dimensións reducidas xa que non contaban cun espacio residencial ou habitacional permanente.

Contaban cunha ampla visibilidade e dominio sobre as vías de comunicación, os recursos e poboamentos próximos, normalmente carentes, nesta época, de calquera elemento defensivo e, por último, acostumaban a deixar como pegada sobre o terreo o topónimo «Castelo» (ou algunha variante) e na mentalidade colectiva, vellas historias de «mouros».

Nas proximidades do castelo da Portela, atopábase ó norte o castelo da Toxiza; ó leste, o castelo de Viloalle; ó sur, o castelo do Monte Argán e o castelo do Picouto e ó oeste, o castelo de Samarugo, asentado no lugar das Penas da Torre, xustamente fronte ó castelo da Portela, na outra beira do val do Rego da Arnela.

A partir de finais do século XIII comeza a desenvolverse un proceso que soe denominarse «baixada das fortificacións ós vales» que terá como resultado a paulatina desaparición do modelo constructivo das *fortificacións en altura* e a súa progresiva substitución por un novo tipo, as *torres señoriais*³⁸.

O aumento da presión e presenza señorial sobre o territorio provoca que as *fortificacións en altura*, normalmente de xurisdicción real, aínda que como puidemos ver para o caso do castelo da Portela, delegadas nun xerarca eclesiástico ou nun nobre importante³⁹, perdan a súa utilidade.

Son varias as causas que provocan este cambio de emprazamento e da tipoloxía das construcións militares. En primeiro lugar hai que sinalar que as vellas *fortificacións en altura* atópanse situadas en lugares de complicado acceso e en áreas afastadas; pola

³⁷ Demostra-la existencia dun sistema fortificativo medieval, preconcebido, na área mariñá lucense foi un dos obxectivos do noso Traballo de Investigación Tutelado, presentado baixo o título de *Fortificacións medievais na comarca lucense da Mariña Central: xénese e desenvolvemento*, realizado baixo a dirección do Dr. Carlos Baliñas Pérez.

³⁸ Para coñecer máis acerca deste tema aconséllase a consulta de AVELLÓ ÁLVAREZ, J.L. *Las Torres señoriales de la Baja Edad Media asturiana*. León: Universidad, D.L. 1991.

³⁹ O rei Afonso IX, no ano 1202, entrégalle o castelo da Portela ó bispo mindoniense Pelaió II de Cebeira e, para poder facelo, ten que anular un cambio que tiña realizado o bispo Rabinato, tenente da fortificación por delegación de Fernando II, co conde Gómez González.

contra, as *torres señoriais* pasan a ser construídas nas proximidades das entidades de poboación, dos centros de produción e/ou das vías de comunicación que se convierten en importantes fontes de ingresos para unha nobreza que comeza a asumir, como propias, competencias e funcións que anteriormente posuían por delegación do monarca.

Ademais, ó contrario que no caso das *fortificacións en altura* que eran recintos eminentemente militares, a partir da data comentada comeza a construción de fortificacións que se dotan de espazos residenciais que serán utilizados polos nobres titulares das mesmas ou polos tenentes que eles mesmos nomean, imitando o antigo sistema rexio de concesión de tenzas.

Así mesmo se pode rastrexar un verdadeiro cambio na mentalidade na época en consonancia co xa comentado. As *fortificacións en altura* podían entenderse como a representación territorial do poder do monarca, señor de tódalas terras do reino. Pola contra, as *torres señoriais* convértense en símbolo do poder do nobre sobre unha parte determinada do reino, aquela parte que constitúe cada un dos señoríos que presiden fisicamente cada unha destas torres, símbolos tanxibles da nobreza.

Con todo, en moitas ocasións existen correspondencias territoriais entre as antigas fortificacións en altura e as torres señoriais, sobre todo no sentido de que existirá certa equivalencia entre a localización das primeiras e a construción das segundas nas súas inmediacións, aínda que a menor altura e multiplicando o seu número.

Así nas inmediacións do castelo da Portela, atopamos a torre de Guayanes situada na ladeira do monte no que se atopa o castelo do Picouto; a torre de Labrada emprazada na ladeira de ascenso ó castelo da Portela fronte ó que se construíu tamén a torre de Castromaior e, por último, a torre de Samarugo, xa no concello de Vilalba aínda que próxima ó límite municipal, que sería a sucesora da *fortificación en altura* coñecida tamén como castelo de Samarugo.

A modo de conclusión.

Neste breve traballo cremos ter cumprido os obxectivos básicos que nos marcabamos unhas páxinas máis arriba e que fundamentalmente xiraban en torno ó intento de traer á actualidade unha *fortificación en altura* como o castelo da Portela, destacando o seu papel dentro do devir histórico da diócese mindoniense na segunda metade do século XII.

Ó anterior sumouse a necesidade e a posibilidade, en base ó conxunto de información recompilada, de ofrecer unha localización para a mesma.

Bibliografía

- AVELLÓ ÁLVAREZ, J.L. *Las Torres señoriales de la Baja Edad Media asturiana*. León: Universidad, D.L. 1991.
- CAL PARDO, E. *Catálogo de los documentos medievales escritos en pergamino, del Archivo de la Catedral de Mondoñedo (871-1492)*. Lugo: Diputación Provincial, 1990.
- CAL PARDO, E. *Colección Diplomática Medieval del Archivo de la Catedral de Mondoñedo. Transcripción íntegra de los documentos*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 1999.
- CAL PARDO, E. *Episcopologio Mindoniense*. Anexo XXVIII de *Cuadernos de Estudios Gallegos*. Santiago de Compostela: Instituto de Estudios Gallegos 'Padre Sarmiento', 2003.
- FERREIRA PRIEGUE, E. *Los caminos medievales de Galicia*. (*Boletín Auriense*, Anexo 9). Ourense: Museo Arqueolóxico Provincial, 1988.
- GONZÁLEZ, J. *Alfonso IX*, vol. II. Madrid: Instituto Jerónimo Zurita, 1944.
- INVENTARIO ARQUEOLÓXICO DE GALICIA do Servizo de Arqueoloxía. Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. Consellería da Cultura, Comunicación Social e Turismo. Xunta de Galicia.

- LÓPEZ ALSINA, F. *Introducción al fenómeno urbano medieval gallego, a través de tres ejemplos: Mondoñedo, Vivero y Ribadeo*. Santiago de Compostela: Universidad, 1976.
- MONTARDE ALBIAC, C. *Diplomatario de la reina Urraca de Castilla y León (1109-1126)*. Zaragoza, 1996.
- PARDO DE GUEVARA y VALDÉS. E. *Los Señores de Galicia*, vol. II. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2000.
- RECUERO ASTRAY, M., ROMERO PORTILLA, P., RODRIGUEZ PRIETO, M.A., *Documentos medievales del Reino de Galicia: Fernando II (1155-1188)*. A Coruña: Xunta de Galicia, 2000.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, A. Y REY CAIÑA, J. A. «Tumbo de Lorenzana» en *Estudios Mindonienses*, nº 8 (1992).
- RUIZ ALBI, I. *La reina doña Urraca (1109-1126): cancillería y colección diplomática*. León, 2003.
- VÁZQUEZ SEIJAS, M. *Fortalezas de Lugo y su provincia*, t. III. Lugo: Junta del Museo Provincial, 1962.